**Expediente: 6348/12**

# ANUNCIO

**CONTRATACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO PROGRAMA EDUCATIVO DO O OO.AA. MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO.**

“A Mesa de Contratación deste Organismo, en sesión celebrada o día 12 de xuño de 2015, e segundo figura na súa acta, incorporada no expediente, adoptou o seguinte acordo en relación co asunto de referencia:

**Primeiro.-** Excluír do proceso licitatorio á oferta presentada pola empresa “ECOPLANIN”, ao non ter obtido 10 puntos na valoración da súa oferta técnica, de conformidade co previsto no apartado 8 das Follas de Características do Contrato (FEC)

**Segundo.-** Clasificar ás restantes ofertas polo seguinte orde de puntuación de maior a menor:

| | EMPRESA | TOTAL PUNTUACIÓN: |
|---|---|---|
| 1º | BABADIVA, S.L. | 92 punto |
| 2º | XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. | 77,24 puntos |
| 3º | EXODEGA, S.L. | 45,18 puntos |

En vista do anterior, o Consello de Administración do Organismo, en sesión celebrada con data 4 de novembro de 2015, como órgano de contratación de conformidade co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, adopte o seguinte acordo:

***Primeiro.***- Prestar aprobación á proposta da Mesa de Contratación do Organismo en sesión celebrada o día 12 de xuño de 2015.

***Segundo*.-** De conformidade co previsto na cláusula 8.4 do prego de condicións administrativas, requirir ao licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación, BABADIVA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento ao efecto, a seguinte documentación (de conformidade co que dispón o art. 146 TRLCSP):

a) Escritura na que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.

b) Poder outorgado a favor de quen ou quenes subscribiron a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

c) Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu



ASINADO POR: Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-11-11T10:21:07+01:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 12/11/2015 09:46 | Páxina 1 de 2
Expediente 6348/12 | Código de verificación: 2BEE3-8E84E-82B8C-45BE3
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

nome e contía, se inclúe modelo no Anexo III no prego de condicións administrativas, ou declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

d) Certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia, Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

FCV/rv

Vigo, a data se sinatura electrónica
A PRESIDENTA
Mª Jesús Lago Rey

ASINADO POR: Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-11-11T10:21:07+01:00 -

Documento asinado

***Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)27 31 87***
***Enderezo: A Madroa s/n. TEIS, C.P. 36316 – VIGO***
***Apartado de Correos 3052, O CALVARIO – VIGO***


| | |
|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 12/11/2015 09:46 | Páxina 2 de 2 |
| Expediente 6348/12 | Código de verificación: 2BEE3-8E84E-82B8C-45BE3 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |